

O programa Val do Ulla ofrece 50 accións formativas para a mocidade

O programa de dinamización xuvenil Val do Ulla ofrece medio cento de accións formativas para a mocidade dos municipios de Boqueixón, Vedra e Vila de Cruces. Esta iniciativa conxunta ten como principal obxectivo promover na xuventude a adquisición das competencias necesarias para acadar un desenvolvemento persoal, social e profesional adaptado á súa contorna, ás súas necesidades e intereses.

As actividades comezaron coa posta en marcha de cinco obradoiros. Durante o presente ano, desenvolveranse arredor de medio cento de cursos e obradoiros gratuítos dirixidos á mocidade de entre 14 e 30 anos dos tres municipios.

O programa de dinamización xuvenil Val do Ulla levarase a cabo a través do reforzo das canles de co-



Os tres alcaldes asistiron a unha das accións formativas do programa Val do Ulla

municación e información entre a mocidade poñendo en marcha diversas accións centradas en cinco proxectos específicos: Posta a punto (accións formativas); Punto Crea (espazo de reflexión e de creación de ideas no eido do emprede-

mento rural creativo); Punto a Punto (formación dirixida ao emprendemento); Punto por Punto (educación en emoción e valores), e Punto Info (difusión e posta en valor dos distintos proxectos deste programa desenvolvidos polos tres Concellos).

Abre a inscrición no voluntariado xuvenil da OMIX

Por outra banda, a OMIX de Boqueixón vén de abrir o prazo de solicitudes para o seu programa de voluntariado xuvenil dirixido á mocidade de entre os 16 e os 30 anos.

As áreas onde se desenvolverán as accións de voluntariado son atención a peregríns, dinamización sociocultural, accións ambientais, campo de traballo, campamentos, etc.

As persoas voluntarias contarán con formación, seguro de accidentes e de R.C, e terán cubertos os gastos de desprazamento e de manutención.

Boqueixón e Vedra organizan un campo de voluntariado internacional

Os Concellos de Boqueixón e Vedra organizan un campo de voluntariado internacional. A iniciativa, que leva por título *Vía Xacoba: Camiño de Santiago*, desenvolverase entre os vindeiros días 13 e 24 de xullo e centrarase nos eidos arqueolóxico, medioambiental e patrimonial. Diríxese á

mocidade de 18 a 30 anos. As inscricións realizaranse en www.xuventude.net.

Esta proposta encádrase dentro da Campaña de Verán 2019 presentada pola conselleira de Política Social, Fabiola García, e pola directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cristina Pichel.



Inicio do curso de monitor de tempo libre

Unha vintena de mozas e mozos dos concellos de Boqueixón e Vedra iniciaron o curso de monitor de tempo libre. As sesións estenderanse ata o verán e tamén contemplan prácticas en diversos programas.

Boqueixón abre inscricións para o Verán Activo e os cursos estivais

O Concello de Boqueixón abre o prazo de inscricións ata o 20 de maio para o Verán Activo e os cursos estivais, dentro dos programas Acción de Verán e Conciliación Activa.

O Verán Activo diríxese a escolares de Educación Infantil e Primaria. As actividades desenvolveranse a última semana de xuño, os meses de xullo e agosto e do 2 ao 10 de setembro nas instalacións do Forte. O horario será de luns a venres de 09.00 a 14.00 horas, con posibilidade de ampliación horaria de 08.00 a 15.00 h. Ofreceranse xincanas, xogos, obradoiros, actividades acuáticas e deportivas.

O custo é de 60€/mes; 30 €/quincena, 20 €/xuño e 25 € setembro. O prezo da ampliación horaria é de 20 €/mes, 10 €/quincena e 5 €, no caso de xuño e setembro. En situacións excepcionais e con causa

xustificada poderanse solicitar días soltos (4 €/día) ou semanas (15 €/semana). Aplicaranse descontos por segundo/a fillo/a (25%) e terceiro/a fillo/a (50%). As prazas son limitadas e adxudicaranse por orde de inscrición, tendo preferencia empadroados/as.

Tamén no mes de xullo ofertaranse os cursos de patinaxe e natación, sumando este ano a incorporación dos obradoiros de debuxo e pintura e de iniciación á hípica. As actividades serán compatibles co Verán Activo, sendo os participantes trasladados ás mesmas (excepto no caso de hípica).

O obradoiro de debuxo e pintura terá lugar os luns e mércores de 10.15 a 11.15 h., as sesións de patinaxe martes e xoves de 10.15 a 11.15 h., mentras que as de natación serán luns e mércores ou martes e xoves (días e horarios a de-

terminar). O prezo de cada actividade é de 15 €, agás hípica, a concretar segundo grupo. Debuxo e pintura non inclúe o material.

A ficha de inscrición poderase descargar en www.boqueixon.com. Deberase entregar no Departamento de Cultura, presencialmente ou enviándoa por correo electrónico a cultura@boqueixon.com.

Boqueixón participa, por vez primeira, no programa de conciliación da Xunta, polo que as persoas admitidas deberán cubrir presencialmente no Concello os anexos correspondentes. Isto realizarase entre o 24 de xuño e o 5 de xullo.

O custo das actividades aboarase na conta de Abanca ES68 2080 0320 2531 10000666. Entregarase o resguardo de pagamento ata 10 días antes do comezo da actividade. De non facelo, procederase á baixa automática.

O VI Certame de Relato Xosé Neira Vilas bate récords con 123 propostas

O VI Certame de Relatos Xosé Neira Vilas bateu récords de participación cun total de 123 propostas presentadas polo alumnado de 3º a 6º de Primaria e de Secundaria dos centros educativos de Boqueixón. O concurso, organizado pola Biblioteca Municipal de Boqueixón, en colaboración coa Fundación Xosé Neira Vilas e o CPI Antonio Orza Couto, ten como principal obxectivo potenciar a lectura e a creatividade literaria entre o estudiantado, ademais de fomentar valores como a liberdade, o respecto e a tolerancia.

A entrega de premios terá lugar o vindeiro 16 de maio en el CPI Antonio Orza Couto ás 12.00 horas. O acto encadrarase nas actividades da Semana das Letras Galegas neste centro educativo.



Éxito da mesa-debate con Carme Adán

O CIM de Boqueixón pechou o seu programa de conmemoración do 8-M cunha exitosa mesa-debate en torno ao libro de Carme Adán *Feminicidio: unha nova orde patriarcal en tempos de subsumión*.



Encontro co persoal do centro de saúde

Persoas usuarias do programa de prevención da dependencia participaron nun encontro con profesionais do centro de saúde de Boqueixón. A temática centrouse no coidado dos pés e na alimentación saudable.

Edita: Concello de Boqueixón. Forte, s/n.
15881 Boqueixón.

Web: www.boqueixon.es/com

Correo electrónico: concello@boqueixon.com

Redacción e maquetación: Nós Comunicación

Distribución gratuíta

Oficinas xerais: 981 51 30 61

Educación e Cultura: 981 51 31 15

Servicios Sociais / CIM: 981 51 30 06

Regresa o Ciclo 'Un Mes e Pico' cun programa cheo de actividades sobre o monte sagrado na cultura xacobeá

O Ciclo *Un mes e Pico* regresa este maio cunha ampla programación que incorporará varias novidades. Se na primeira edición estaba centrado na sacralidade, nesta ocasión, as iniciativas irán enfocadas á relación do Pico Sacro coa cultura xacobeá.

Neste senso, propóñense interesantes actividades coas que amosar a importancia deste Monte Sagrado nas lendas xacobeas. Entre as iniciativas que se desenvolverán dende o 12 de maio ata o vindeiro 29 de xuño atópanse conferencias, observacións de estrelas, visitas teatralizadas ou recitais de música en directo. Como grandes novidades, organizaranse dous certames vencellados á creación artística a través de diferentes técnicas. Toda a información sobre as propostas deste ciclo cultural poderase consultar na web municipal www.boqueixon.com.

A programación do *Mes e*



Cartel de 'Un mes e Pico. Ciclo Cultural: O Pico Sacro na Cultura Xacobeá'

Pico. Ciclo Cultural: O Pico Sacro na Cultura Xacobeá darase a coñecer o sábado 12 de maio no acto de presentación que terá lugar na Capela de San Sebastián ás 11.30 horas. A apertura contará coa presenza do alcalde boqueixanés, Ma-

nuel Fernández Munín; o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García Gómez; o delegado territorial da Xunta de Galicia na provincia da Coruña, Ovidio Rodeiro Tato, e a comisaria do Xacobeo 2021, Cecilia Pereira.

A Cerimonia do Lume Sagrado terá lugar o 16 de xuño


Entre as actividades máis multitudinarias do Ciclo *Un mes e Pico* atópanse tanto a Cerimonia como a Ofrenda do Lume Sagrado. A primeira das iniciativas desenvolverase o vindeiro 16 de xuño ás 13.00 horas no Pico Sacro, e a segunda, terá lugar en Santiago de Compostela a partires das 22.00 horas. Neste último caso, realizarase un percorrido pola zona monumental da cidade que rematará coa pertinente ofrenda na praza da Mazarelos.

Como en anteriores ocasións, a xente que queira, pode participar nas dúas representacións do Lume Sagrado. As persoas interesadas en asistir deberán formalizar a súa inscrición a través do teléfono 981 513 061, ou enviando un correo electrónico a boqueixonturismo@gmail.com. A organización de ambas as dúas citas facilitará aos e ás participantes o vestiario preciso para incorporarse ás dúas representacións.

Reflexións sobre o Día da Muller no programa de prevención da dependencia

O programa de prevención da dependencia desenvolveu, con motivo do Día Internacional da Muller, un coloquio tomando como base a pregunta *E ti que fixeches ou que non puidiches facer por ser muller?*

Entre as experiencias, as usuarias relataron casos como que “as mulleres tiñamos que ser as que limpásemos os chanzos nun edificio no que, na planta



Fina, esquerda, María e Esther comentaron as experiencias vividas por ser muller

baixa vivían só homes, e xa se supoñía que o tiñamos que facer nós”. Este é o caso de Fina, que replicou “por que temos

que limpialas se os homes teñen dúas mans igual ca nós?”.

Precisamente o feito de ser muller condicionou a María,

unha das usuarias, para ter o seu propio un oficio. “Eu quería ser modista, e como non había quen fixera as cousas na casa, non o puiden facer”, lamenta.

E no caso de Esther, non tiña oportunidade de ir a tomar café a un bar, xa que “nos dicían que iso era só cousa de homes e que ir era unha vergoña”. Unhas vivencias que adquiren unha nova dimensión co tempo.

AXENDA DO MES DE MAIO

2, 9
e 16**Xornadas Prácticas de Horta e Xardín**

Lugares a determinar
Custo: 10 €/xornada
20 €/tres xornadas
Primeira xornada, sobre Poda de Froiteiras e Ornamentais; a segunda, sobre Horticultura familiar e a terceira, sobre Coidados da planta ornamental. Máis información e inscricións, no Departamento de Cultura.

Inscricións

Entre
2 e 16**Excursión a Extremadura**

Do 28 ao 31 de maio
Prezo: 249 euros
Visitas a Cáceres, Guadalupe, Trujillo, Mérida, Monfragüe e Plasencia. Adxudicación de prazas por orde de inscricións. Máis info., Dpto. de Cultura.

Domingo
12**Apertura do Ciclo Un mes e Pico**

Pico Sacro
11.30 horas
Entrada de balde
Presentación de actividades.

Entre
13 e 26**I Concurso de Graffiti 'Xacobeo Mitolóxico'**

Ciclo *Un mes e Pico*
Consultar bases deste certame na web www.boqueixon.com.

Días
14 e 15**Curso Igualdade de Xénero e novas formas de violencia contra a muller**

Concello de Boqueixón
De 17.00 a 19.00 horas
Asistencia de balde
Formación presencial. Máis información e inscricións -ata o 10 de maio-, no CIM.

Mércores
15**Unidade móbil DNI**

Casa do Concello
De 09.30 a 15.00 horas
Máis información e inscricións, no Departamento de Cultura.

Xoves
16**Entrega de premios do Certame de Relatos 'Xosé Neira Vilas'**

CPIP Antonio Orza Couto
12.00 horas

Venres
17**Saída VI Carreira Camiño das Letras**

Pico Sacro
10.00 horas
Saída da carreira cun percorrido de 15 quilómetros dende o camiño sudeste (Vía da Prata) ata a Cidade da Cultura. Máis información en www.carreirasgalegas.com.

Venres
17**Andaina das Letras**

Tramo Sucira-Ledesma
18.30 horas
Participación de balde
Palabras vivas: poesía teatralizada.
Lectura de relatos premiados no Certame Neira Vilas. Inscricións ata o 13 de maio. Máis información, no Departamento de Cultura.

17, 18
e 19**IV Torneo de Fútbol Base 2018**

Instalacións de O Forte
Entrada de balde
Organizado pola Escola de Fútbol Boqueixón, o torneo divídese en tres categorías: 17 de maio: Benxamíns 18 de maio: Benxamíns 19 de maio: Alevíns
Inscricións, 603 555 588 ou efboqueixon@hotmail.com.

Sábado
18**Conferencia de Juan Manuel Monterroso**

Pico Sacro
20.00 horas
Entrada de balde
Conferencia, dentro do ciclo *Un mes e Pico*, baixo o título *Monsagro. Textos e imaxes para unha tradición xacobeá*.

Sábado
25**'A Resurrección da Raíña Lupa. Translatio do corpo do Apóstolo'**
Pico Sacro

17.30 horas
Entrada de balde
Visita teatralizada no entorno do Pico Sacro, dentro do Ciclo *Un mes e Pico*.

Mércores
29**V Ruta de Maiores de Boqueixón: O Grove**

Andaina de 6 kms. pola Ruta Porto de Meloxo a Punta Moreiras. Peche do curso de Ximnasia Maiores
Inscricións nos grupos de ximnasia das parroquias.

*e en xuño...*Domingo
2**I Certame de Novos Talentos de Pintura Rápida**

Vía da Prata, Camiño de Inverno e Pico Sacro
09.30 horas
Bases do concurso na web www.boqueixon.com.

Sábado
8**Roteiro de plantas medicinais**

Máis info. e inscricións, no Dpto. de Cultura.

Sábado
8**Conferencia de Manuel Gago Mariño**

Pico Sacro
20.00 horas
Entrada de balde
Dentro do ciclo *Un mes e Pico*, conferencia *O Pico Sacro e as vellas montañas sagradas da Europa Atlántica: Unha historia por construír e comunicar*.

Sábado
15**Coñece Galicia: Santa Uxía de Ribeira**

Custo: 25 € (cubre comida, visitas e autobús)
Pola mañá, visita a Ribeira e ao mercadiño. Pola tarde, visita a Corrubedo. Inscricións ata cubrir prazas.

Domingo
16**Cerimonia do Lume Sagrado**

Pico Sacro
13.00 horas
Ciclo *Un mes e Pico*

Máis información e inscricións: Centralíña: 981 513 061 concello@boqueixon.com CIM: 981 513 006 cim@boqueixon.com Cultura: 981 513 115 cultura@boqueixon.com Dto. Local e Turismo: 981 513 061 boqueixonturismo@gmail.com